

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural. A música, a danza, as artes plásticas, audiovisuais, performativas e escénicas preséntanse nos nosos días de moi diferentes maneiras e a través de distintos medios. Na vida cotiá o manexo da información vinculada coa educación artística fai necesaria a disposición de competencias e capacidades propias das artes. Por outra parte, segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal, en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía.

A área de Educación Plástica e Visual desenvólvese a través dunha dobre dimensións: reflexiva e creativa e traballárase de forma transversal en conexión natural co resto das áreas do currículo, colaborando nunha maior comprensión da realidade. Así organizarase o currículo arredor das seguintes tarefas integradas /proxectos interdisciplinares: Viajando con los grandes navegantes; Huellas en la historia, e El mar que nos une.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Viajando con los grandes navegantes	<p>O alumnado confeccionará a carta de navegación sobre a Arribada de Colón a Baiona.</p> <p>Como actividade previa de motivación realizarán unha visita á Carabela Pinta/Museo da navegación, así coma visitarán monumentos da nosa vila (monumento a Pinzón, Magallanes...).</p> <p>Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre o tempo histórico, a Idade Moderna, S XVI, Era dos descubrimentos e acontecementos fundamentais; A nosa Galaxia; Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (cartografía, planos). Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LGL, MATE, EPV e CCNN.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	34	14	X		
2	Huellas en la historia	<p>O alumnado deseñará e confeccionará un folleto-guía dunha das saídas que se realizará.</p> <p>Buscará, seleccionará e elaborará información sobre arte, sociedade na Idade Media, o Románico e o Gótico. Intentarán localizar monumentos/arte con esas características na vila durante unha saída pola contorna. Completarán o folleto con instrucións sobre seguridade viaria relacionada coa viaxe.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, EPV, LCL e LGL.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	33	11		X	
3	El mar que nos une	<p>Lema do centro. Traballaremos arte e literatura en torno a este tema.</p> <p>O alumnado organizará unha exposición cos produtos finais que aporte cada</p>	33	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	El mar que nos une	grupoclase. Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. Utilizará estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. Recoñecerá relacións xeométricas, posicións, simetrías e translacións nun contexto lúdico, artístico e científico e da vida cotiá. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL, LCL, EPV, CCNN e Matemáticas.	33	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Viajando con los grandes navegantes	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir, con axuda, propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Describir seguindo un modelo, manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar, con axuda, estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de forma individual e colaborativa.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar o significado e os elementos dalgunhas das característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, desenvolvendo criterios de valoración propios.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, mostrando unha actitude positiva.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planificar e deseñar , con axuda, producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.

UD	Título da UD	Duración
2	Huellas en la historia	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar con axuda, estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma individual e colaborativa.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar , seguindo un modelo dado, o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, desenvolvendo valoracións propias.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Deseñar, con axuda, producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais,.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando con axuda o proceso e o resultado final obtido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, mostrando unha actitude positiva e empática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos. - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.

UD	Título da UD	Duración
3	El mar que nos une	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seguindo un modelo.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais explicando, con axuda, o proceso e o resultado final obtido.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describir algunhas características de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais.

Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe competencial caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Require, polo tanto, dunha visión interdisciplinaria e da personalización da educación.

Así, para sentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición e desenvolvemento das competencias clave determinadas no perfil de saída da educación primaria -empregaremos aquelas alternativas metodolóxicas que nos permitan garantir a inclusión educativa e a atención personalizada:

Poremos, tamén, énfase en favorecer a participación e a convivencia positiva na aula, xerando un clima de confianza no que o erro se entende como fonte de aprendizaxe.

Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo empregando estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Potenciaremos a realización de aprendizaxes significativas que promovan o desenvolvemento da autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a capacidade de aprender por si mesmos.

Deseñaremos propostas que integren todos os elementos do currículo. Estas tarefas e actividades ou proxectos estarán relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real e facilitarán a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, de xeito que lle permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo.

Esta área traballarase de forma transversal, en conexión natural co resto das áreas do currículo para contribuir a que o alumnado teña unha maior comprensión da realidade. Nas Tarefas Integradas/ Proxectos deseñados incorporaranse actividades que promovan que o alumnado sexa partícipe da cultura na que vive e poida dialogar con ela, elaborar criterios de entendimiento e gozo e desenvolver o espírito crítico. O alumnado explorará as diversas linguaxes e artes así como as distintas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para a creación das súas propias propostas que incorporará nos produtos das tarefas integradas/ proxectos nos que estea traballando. Ofrecerémolle a posibilidade de que empregue , tanto de xeito individual como en equipos cooperativos ou de forma colectiva, códigos, ferramentas, instrumentos, recursos, soportes e técnicas variados para que investigue e experimente as dimensións lúdica, creativa e social da área.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador do alumnado E-Dixgal
Recursos e contidos da plataforma E-Dixgal

Procuraremos organizar o mobiliario e a disposición da clase de forma que se favorezan os seguintes aspectos:
 O acceso fácil e directo aos materiais para que o alumnado poida usalos sen dificultade e así fomentar a autonomía.
 A presenza de lugares para a exposición permanente da actividade da clase.
 A libre expresión e participación do alumnado.(carteis, buzóns de suxestións,etc)

Sabendo que os espazos de circulación e comunicación: corredores, vestíbulos , escaleiras, etc, ademais de cumprir a función de permitir unha circulación física , facilitan a comunicación do traballo que se desenvolve no centro, dos

produtos finais dos proxectos que se están desenvolvendo, etc., terémolo en conta no momento de deseñar as distintas actividades.

Ao longo do curso utilizaremos distintos espazos, materiais e recursos didácticos.

O espazo educa e facilita a aprendizaxe. Os últimos estudos en Neurociencia poñen en valor, entre outros aspectos, que o entorno físico no que se dá a aprendizaxe afecta ao noso cerebro e que unha iluminación axeitada incide positivamente no benestar físico e emocional do alumnado, as vistas externas e a luz natural favorecen a concentración nas tarefas. Así, sempre que sexa posible, realizaremos actividades en espazos exteriores.

Para a realización das tarefas interdisciplinares programadas empregaremos todos os recursos TIC que temos á nosa disposición e ademais aqueles que sexan necesarios en cada caso: biblioteca de centro e de aula, xornais, visitas, participación de persoas expertas..., materiais de refugallo e o material funxible necesario (aportado polo alumnado, polo centro ou da natureza) para a confección dos produtos finais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial teremos en conta os datos aportados por

1º.- A análise da información do curso anterior composta por:

- Acta sesión avaliación final.
- Resultados académicos do grupo-clase.
- Informes individualizados.
- Datos recollidos nas reunións entre titores/docentes establecidas para o traspaso de información.
- Informacións obtidas das familias.

2º.- Os resultados das probas iniciais realizada, tendo en conta:

- os criterios de avaliación e indicadores de competencias do curso anterior.
- o emprego de instrumentos de avaliación variados.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da área na avaliación serán os criterios de avaliación que figuran no currículo e na programación. Polo tanto, aplicaranse os criterios de cualificación determinados en cada tarefa integrada/ proxectos aplicando as porcentaxes asignadas. A cualificación de cada un dos criterios obterase da valoración das evidencias/ información do desempeño do alumnado, recollida cos instrumentos de avaliación e cualificación establecidos para cada un deles.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación.

Criterios de recuperación:

A avaliación do alumnado debe ser global, continua e formativa, e terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e os obxectivos da área trabállanse en todas as avaliacións xa que se trata dun currículo competencial. Tendo isto en conta a recuperación integrarase na avaliación seguinte, aplicando os mesmos instrumentos de avaliación. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado logre unha cualificación positiva. En cada caso aplicaranse as medidas de reforzo educativo adecuadas en calquera momento do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderemos á diversidade rexéndonos polos principios de inclusión, promovendo a presenza, participación e progreso de todo o alumnado con independencia das súas características.

Programaremos as tarefas/proxectos interdisciplinares e planificaremos as situacións de aprendizaxe e a avaliación deseñando actividades e empregando os recursos que nos permitan atender aos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionar múltiples formas de Implicación, proporcionar múltiples formas de Representación e proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión.

Sabemos que a Aprendizaxe Cooperativa, ademais dun medio para desenvolver as competencias clave, é unha condición e un instrumento para a inclusión, para o desenvolvemento da solidariedade e a cohesión social. Polo tanto estruturaremos a aula de forma cooperativa, seguindo as pautas establecidas no programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar), recollido no Plan de Convivencia do Centro. En definitiva, poremos en práctica, nas aulas, un conxunto de actuacións para que o alumnado aprenda, practicándoas, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo: escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz adecuado, respectar a quenda de palabra, compartir ideas, preguntar e pedir axuda con corrección, axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X
ET.5 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.6 - A igualdade entre mulleres e homes	X		
ET.7 - A educación para a paz		X	
ET.8 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X		
ET.10 - A educación emocional e en valores			X
ET.11 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X		
ET.12 - A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político; a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos		X	
ET.13 - O rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración da violencia terrorista e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.			X
ET.14 - A pluralidade, o respecto polo Estado de dereito	X		
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que supoñan discriminación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual.			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viajando con los grandes navegantes	O alumnado confeccionará o sistema solar e a carta de navegación sobre a Arribada de Colón a Baiona. Como actividade previa de motivación realizarán unha visita á Carabela Pinta/Museo da navegación, así coma visitarán monumentos da nosa vila (monumento a Pinzón, Magallanes...). Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre o tempo histórico, a Idade Moderna, S XVI, Era dos descubrimentos e acontecementos fundamentais; A nosa Galaxia; Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (cartografía, planos). Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LGL, MATE, EPV e CCNN. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.	X		
Huellas en la historia	O alumnado deseñará e confeccionará un folleto-guía dunha das saídas que se realizará. Buscará, seleccionará e elaborará información sobre arte, sociedade na Idade Media, o Románico e o Gótico. Intentarán localizar monumentos/arte con esas características na vila durante unha saída pola contorna. Completarán o folleto con instrucións sobre seguridade viaria relacionada coa viaxe. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, EPV, LCL e LGL. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.		X	
El mar que nos une	Lema do centro. Traballaremos arte e literatura en torno a este tema. O alumnado organizará unha exposición cos produtos finais que aporte cada grupoclase. Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. Utilizará estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. Recoñecerá relacións xeométricas, posicións, simetrías e translacións nun contexto lúdico, artístico e científico e da vida cotiá. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL, LCL, EPV, CCNN e Matemáticas.			X

Observacións:

Durante o curso poderán levarse a cabo outras actividades non incluídas nesta listaxe pero que polo seu interese, pola súa relación cos distintos proxectos de aula, consideremos idóneo incorporalas á programación, xa que este é un documento aberto e flexible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifico as actividades e momentos do proceso de aprendizaxe tendo en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe?
Nas unidades de aprendizaxe /tarefas hai actividades variadas e con diferentes graos de desempeño na execución?
As propostas de aprendizaxe adaptaciónse aos diferentes coñecementos previos do alumnado?
Son claros para o alumnado os obxectivos de aprendizaxe das actividades?
As unidades/actividades/tarefas que teño plantexadas, permiten que as aprendizaxes realizadas polo alumnado se transfiran a outras situacións da vida persoal e escolar?
Tiven en conta eliminar elementos que poidan xerar exclusión á hora de realizar as actividades?
Evítanse os exercicios de copia mecánica?
Comprobo de diferentes formas que o alumnado comprende a tarefa que teñen que realizar?
A selección e temporalización das actividades é axustada?
Emprego recursos didácticos variados tanto para a presentación da información como para a práctica autónoma do alumnado?
Ensinase aos estudantes a facer presentacións dos seus traballos tanto orais e escritas como de outras formas e tanto individuais como escritas?
Involúcrase aos estudantes no deseño do material didáctico para os compañeiros/as?
Adaptase a metodoloxía para que poidan aflorar distintos formas de aprender do alumnado?
Empréganse de forma sistemática e regular métodos de aprendizaxe cooperativa?
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a empregar, controlando sempre que o clima de traballo sexa adecuado?
Están previstas actividades para realizar de forma individual, en parella, en grupo ou con toda a clase en distintos momentos do desenvolvemento da unidade de aprendizaxe?
Teñen os estudantes oportunidades para elixir entre actividades distintas?
O ambiente de aula, a súa organización e os recursos empregados contribúen ao desenvolvemento da aprendizaxe autónoma?
Motívase ao alumnado a que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe?
Favorécese no alumnado unha progresiva autonomía en relación a planificar o seu traballo, regular o seu desempeño mentres o realiza e avaliar a súa actuación e os resultados obtidos co fin de introducir melloras en situacións futuras?
Reviso e modifico frecuentemente as actividades propostas, a adecuación dos tempos, os agrupamentos e materiais empregados?
Propoño novas actividades /tarefas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados ou un maior grao de adquisición nos acadados?
En cada Unidade de Aprendizaxe están claramente establecidos os criterios de avaliación?

Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información sobre as aprendizaxes realizadas polo alumnado?
Os criterios de avaliación e cualificación son claros e coñecidos polos alumnos e as alumnas e permiten facer un seguimento do progreso do alumnado?
Proporciono información ao alumno sobre a execución das actividades e como pode melloralas, favorecendo procesos de auto e coavaliación?
Os resultados das avaliacións utilízanse para introducir cambios nas programacións do profesorado axustándoas así ás necesidades detectadas?
Ao final de cada avaliación valorase a eficacia das accións programadas na aprendizaxe do alumnado?
Búscanse e propóñense novas formas de traballar ou outro tipo de accións para lograr a maior aprendizaxe posible na totalidade do alumnado?
Participase en actividades de docencia compartida?
O /a profesor/a modifica a súa docencia en resposta ás recomendacións recibidas dos seus colegas?

Descrición:

Avaliaremos o proceso de ensino e práctica docente cunha escala de valoración do 4 ao 1, sendo 4 o grao máximo de consecución do indicador e 1 o grao mínimo. En cada caso incorporaremos as propostas de mellora necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coincidindo coas avaliación trimestrais realizarase a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente valorando o grao de desenvolvemento dos indicadores de logro propostos no apartado anterior. Analizaremos os resultados de cada indicador e incorporaremos as propostas de axuste e mellora necesarios. A partir das melloras propostas para cada un dos indicadores de logro introduciremos as modificacións necesarias nas tarefas integradas/ proxectos deseñados para a seguinte avaliación.

Ao final do curso teranse resultados da avaliación do proceso de ensino e da práctica docente para incorporar as melloras e/ou modificacións necesarias na planificación do seguinte curso escolar.

9. Outros apartados